

Poñémonos ao fresco?

**As praias fluviais eríxense
como a mellor alternativa do verán
ante a masificación da costa**



**A Iniciativa
Xove, en
antena con
Onda Miñor**



**Haberá máis
correspondentes
de información
xjuvenil**



**Entrevista: Charo
López, poeta
gañadora do
Xuventude Crea**



Os 'correspondentes 3.0' van chegar á mocidade de máis cidades e vilas



- Durante o pasado curso houbo 383 divulgando información en 75 centros educativos

A figura do 'correspondente 3.0' vai estar cada vez máis presente nas vilas e nas cidades galegas. Ese é o propósito inmediato da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con respecto a este tipo de voluntarios, que o pasado curso funcionou de xeito experimental e que se encarga de difundir información de interese xuvenil entre os seus compañeiros e compañeiras, xeralmente estudantes dos institutos de secundaria.

Durante este curso escolar o programa **Correspondentes Xuvenis 3.0** logrou 383 participantes, distribuídos entre 75 institutos de toda Galicia e as tres residencias para a mocidade dependentes da administración autonómica. Unha parte deles, 60 de 22 centros educativos, acudiron a unha xuntanza de confraternidade que se celebrou no Complexo As Mariñas, en Gandarío (Bergondo, A Coruña).

Durante esa xornada, a directora xeral de Xuventude e Voluntariado, entregoulles un certificado acreditativo do seu labor como voluntarios xuvenís. Cecilia Vázquez explicou que esta acreditación de educación



A directora xeral, intervindo na xuntanza no albergue de Gandarío

non formal "é un valor engadido para o seu currículo, que cada vez se valora máis en Europa". E sobre todo valorou a súa contribución a descentralizar a información xuvenil.

A clave do seu éxito estriba en que desenvolven a actividade con com-

pañeiros, de igual a igual. Desta maneira, non só divulgan contidos de interese, senón que tamén teñen a capacidade de observar e recoller as demandas e necesidades dos mozos e mozas dos seus institutos para poder trasladarllas á Administración.

Como funciona o programa?

Para desenvolver a súa tarefa, os correspondentes xuvenís reciben cada semana un boletín informativo desde o centro coordinador de información xuvenil da Dirección Xeral, ademais de obter folletos e outro material de interese.

Todo este material trasládano a un taboleiro no propio instituto, aos blogs que actualizan e ás redes sociais. Botan man por tanto de diversos recursos cun único obxectivo: que a mocidade da súa contorna coñeza todas as novidades.

Os correspondentes xuvenís divulgan bolsas e axudas, ofertas de emprego, recursos e enderezos de interese, iniciativas de ocio e tempo libre, referencias sobre aloxamentos xuvenís e tamén información que xera o propio centro no que estudan.



Axudas do Injuve para entidades da mocidade

● As bases xa foron publicadas no BOE

O Instituto de la Juventud (INJUVE) publicou no BOE as **bases reguladoras** coas que concederá as subvencións para o mantemento, funcionamento e equipamento de asociacións xuvenís, organizacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade que teñan un ámbito estatal.

As bases son o fundamento da inminente convocato-

ria, coa que se abrirá o prazo para presentar as solicitudes e poder beneficiarse das axudas. Como xa sucedera en 2014, as peticións teñen que presentarse a través dunha aplicación informática que require ter un certificado electrónico.

Poden participar nesta convocatoria as asociacións xuvenís, as federacións ou confederacións de asociacións

xuvenís e as seccións de mocidade de entidades sociais e de organizacións non gubernamentais. Para tal efecto, teñen que ter recoñecidos nos seus estatutos autonomía funcional, organización e goberno propio. As entidades prestadoras de servizos deberán dedicarse exclusivamente a actividades en favor da xuventude, figurando así nos seus estatutos.

Aproveita as últimas prazas en campos de traballo



Se te despistaches ou ti-ves un cambio de plans de última hora para este verán, aínda podes reconducir a situación e aproveitar algunha das últimas prazas que quedan dispoñibles nos campos de traballo da Dirección Xeral de Xuventude.

No aviso lanzado a finais de xuño, quedaban por cubrir 44 prazas en 16 campos de traballo que se desenvolven por toda Galicia. Polo tanto, queda bastante onde escoller aínda que sexa a última hora.

A **información detallada** pode obterse chamando

á Dirección Xeral ou tamén aos Servizos de Xuventude e Voluntariado existentes nas catro capitais de provincia.

Para as inscricións, hai que seguir o procedemento establecido na **web da campaña** Acción de Verán 2015.

Cecilia Vázquez, nova directora xeral



Vázquez toma posesión ante Mato e Rodeiro

Cecilia Vázquez é a nova directora xeral de Xuventude e Voluntariado, en substitución de Ovidio Rodeiro, que viña desempeñando o cargo desde 2009 e desde este mes de xuño é alcalde do municipio coruñés de Boqueixón.

Vázquez tomou posesión nun acto ao que asistiron a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e tamén o seu predecesor á fronte da Dirección Xeral.

A nova directora xeral é licenciada en Dereito e

experta universitaria en xuventude e sociedade. Neste eido e no do voluntariado desenvolveu a súa traxectoria profesional.

Desde 2011 era coordinadora da Rede galega de dinamización xuvenil. Antes, nos anos 2009 e 2010, fora responsable da Oficina transfronteiriza de información xuvenil Galicia-Norte de Portugal. E desde 1999 a 2012 ocupou o cargo de presidenta da **Asociación Xuvenil Brigantium**.



A Iniciativa Xove pon o Val Miñor en antena

A radio gaña adeptos. E non só en cantidade de oíntes, onde conserva unha mala saúde de ferro, senón tamén na poboación con interese por aprender a crear os seus propios programas. É unha forma barata e eficaz de difundir contidos de interese e de darlle saída á creatividade, que se adaptou á perfección ás novas tecnoloxías e atopa un aliado moi útil nos teléfonos móbiles de última xeración.

O interese por este medio tan sinxelo como eficaz quedou patente no proxecto **Onda Miñor**, que desenvolveu un grupo informal de mozos e mozas de Nigrán (Pontevedra) ao abeiro do programa Iniciativa Xove. Contaron con medio cento de participantes do municipio e da súa contorna, e mesmo tiveron que deixar persoas en lista de espera nalgún dos

grupos. Tiveron o apoio do Concello e da asociación veciñal O Torreiro de Coia.

Durante un mes, en se-

actualidade local, cuestións culturais, entrevistas con protagonistas de actualidade e personaxes de interese,



sións de entre unha hora e hora e media de duración, o alumnado puido iniciarse no medio radiofónico. Coa axuda de catro animadores socioculturais con experiencia na materia e dun xornalista de radio e prensa, descubriron e puxeron en práctica os aspectos básicos, a linguaxe e as técnicas empregadas na radio.

O resultado foi a elaboración de traballos nos que lle deron saída á súa capacidade creativa e expresiva. Apostaron fundamentalmente polo formato do magazine e abordaron todo tipo de temáticas:



deportes... E ademais de utilizar os distintos elementos da linguaxe radiofónica, seguindo os criterios expostos

nas sesións teóricas, trataron de impregnar os seus guións con boas doses de humor. O propósito foi sempre conseguir un produto radiofónico atractivo. Calquera pode comprobar se o conseguiron a través da súa **canle de youtube**, na que publicaron as gravacións dalgúns dos traballos.

O grupo **Val de Ondas**, responsable do proxecto, amosouse moi agradecido cos participantes e moi satisfeito co éxito acadado. Gustoulles moito o ambiente



alumnos". "Non hai cartos que paguen esa sensación", declaran, abraídos pola repercusión entre a veciñanza.

De feito, varios meses despois de rematadas as clases continúan buscando esa sensación con novos proxectos, sempre inspirados na paixón pola radio. Parte do equipo de Onda Miñor está efectuando unha actividade semellante con rapaces e rapazas con discapacidade, en colaboración coa **Fundación Igual Arte**, unha entidade sen ánimo de lucro que desde 2002 promove a educación e a creatividade entre persoas que non sempre tiveron un acceso doado a elas.





“Non penso no lector no sentido amplo de público, senón de conversa, de confianza”

● Entrevista a Charo López, gañadora do certame Xuventude Crea na categoría de poesía

- A boirense Charo López, primeiro premio do certame Xuventude Crea na modalidade de poesía, aténdenos xusto na tarde na que lle comunican que gañou o XV Certame Literario Fiz Vergara Vilariño, convocado polo Concello de Sarria. A carón deste galardón, o Xuventude Crea queda xa coa consideración dun premio menor?

- Non, nada diso! Para min non se comparan. Cada un ten a súa importancia, a súa referencia, e nos xurados hai persoas igual de válidas nos dous casos. Para min o Xuventude Crea supuxo unha alegría enorme porque ademais acababa de recomenzar unha vida no rural bastante máis agradable, onde podo compaxinar o meu traballo de **fotógrafa freelance** coa recuperación da escrita creativa, non mercenaria.

Por iso, gocei moito do impulso que me deu o Xuventude Crea. De feito, creo que me animou a seguir escribindo, a continuar e a probar sorte noutros premios. E a verdade é que a sorpresa do Fiz Vergara aínda a teño recente, polo que son premios que emocionan.



Charo López acaba de recibir tamén o premio Fiz Vergara Vilariño

- **Consideras que os teus textos son poesía xuvenil? Ou aínda estando escritos por unha persoa nova encaixan con outro tipo de lector?**

- En xeral penso que as categorías que dividen a literatura por públicos (infantil, xuvenil, adulto...) poden le-

var a unha segmentación de calidade ou incluso moral. Por iso, non me gusta especialmente. E non creo que teña nada que ver.

Penso que hai literatura infantil que é filosofía e que podería ser lida por persoas adultas e que poderían aprender con ela. Non é a idade

o que vai definir todo isto. Así que, volvendo á pregunta, é poesía feita por alguén novo. E en canto ao público, non creo que a súa capacidade se determine pola súa idade: hai xente nova que podería ter tanto criterio ou máis que outra maior.

- **Non sabemos se cando escribes estás pensando nalgún tipo de lector en particular ou escribes pensando en ti mesma, en expresarte...**

- No meu caso, si penso no lector, pero non no sentido amplo de público, senón no sentido de conversa, de contacto, de confianza. Gústame o que sucede no idioma americano 'tojolabal', que non distinguen a primeira persoa e a segunda, están incluída a unha na outra. De aí sae por exemplo a lenda zapatista de "mandar obedecendo". A primeira persoa ten sentido como "eu falo, ti escoitas", non existe o "eu falo".

Isto paréceme brutal, vese en moitas linguas colonizadas e o galego tamén ten algo disto. Unha amiga miña, Olaia Barros, fala moito destes pequenos matices que tamén existen na lingua galega e como inclúen a terceira persoa. Por exemplo, can-



do vén á miña casa e lle digo “que- res café?” e ela contesta “pois se o vas facer...”. Isto que podería ser case denostado por xente de fóra, que non fai unha tradución doada e podería calificalo como falta de aser- tividade, creo que en realidade ten unha complexidade moitísimo maior. Aí estás metendo a segunda persoa



e ten algo tamén da primeira.

A min neste sentido gústame estar comunicando sen escribir pensando nun público, senón en persoas. Imaxínome persoas próximas, buscando unha empatía, un *feedback*...

- Estamos dando por feito que non tes publicada unha gran novela e quizais por iso patinemos

con esta pregunta, pero que atopas na poesía como ferramenta de expresión?

- Non, non. Síntome moi cómoda coa poesía, aínda que ao mellor non teña moi clara a razón. En realidade gústame moito ler outros xéneros. O ensaio é un dos meus preferidos e admiro a capacidade de explica-

ción clara e literaria. Ao mesmo tempo, penso que a poesía ten iso pero dunha maneira ás veces máis densa, que tamén podes facer máis abstracta, utilizar máis xogos... Certa poesía que me gusta ten ese trasfondo de contar cousas, de falar, de analizar ou querer entender a realidade, pero sen os corsés ou os límites que

podo sentir noutro tipo de escrita.

Eu estudei Xornalismo e síntome moitas veces constreñida en determinado tipo de textos. A poesía en cambio deixa facer os xogos que queiras e mesturar xéneros. Podes introducir fragmentos de teatro, podes introducir recursos de ensaio ou de narrativa...

- E ves afección pola poesía entre a mocidade ou é algo que queda moi circunscrito a determinados ámbitos?

- Pois non o sei. A verdade é que non teño datos de carácter estatístico. Pero a nivel cualitativo penso que o interese pola poesía podería ser limitado, como todos os intereses non fomentados desde o capital. E aínda así con moitos matices porque habería que ver que tipo de literatura se fomenta, cal non...

Penso que se aparece unha xuventude activa, participativa, que se organiza e que se desenvolve con acti- tude crítica, é cando se pode mover unha bóla de neve que vai integrando moitísimo máis interese. Non me interesa unha mocidade, ou un pobo en xeral, preocupado pola poesía en si, senón que penso que un pobo crítico, autoorganizado e con preocupa- cións políticas e filosóficas, preocu- pado polo mundo no que vive, é o que fai aparecer a poesía como unha maneira de expresar esa preocupa- ción e a maneira de desenvolver res- postas ao contexto no que se vive.

- Por tanto, non ten por que ser algo para maiorías pero non estaría mal que houbera unha



maioría interesada no xénero?

- Estaría xenial. Claro! Creo que esta e outras moitas formas de ex- presión deberían ser palanca de in- tervención para a transformación social. Obviamente, eu non quero facer unha cousa elitista, quero algo que se poida ler, comprender, que se sinta popular e que faga de impul- so para que algo aconteza, para que algo mude.



Catro lugares onde esquecer a calor de balde... e sen sal!



- Galicia conta con espectaculares praias fluviais por toda a xeografía

Din os que saben que este vai ser un verán especialmente cálido, así que por pouco que acerten a partir de xa imos vernos a cotío na disxuntiva de pecharnos na casa pegadiños ao ventilador ou acudir á praia a batallar por un oco na area e media cuarta de auga. Iso é porque non nos paramos a pensar nas outras praias,

as fluviais.

As zonas de baño no río présentan-se como alternativas máis frescas, menos masificadas e con frecuencia moi ben acondicionadas para pasar unha xeira con tranquilidade nunha contorna natural.

Outra vantaxe é que adoitan estar moi próximas, non requiren horas

de coche ata a costa. Porque Galicia conta con numerosos espazos deste tipo, alleos aos excesos do termómetro. Nestas páxinas recolleemos practicamente ao chou catro deles, un por provincia. Non son necesariamente mellores ou peores que os demais, pero si poden ser representativos de todo o abano de opcións existente.

Ponte Caldelas, bandeira azul

A **praia fluvial da Calzada**, no municipio pontevedrés de Ponte Caldelas, é a primeira que ve recoñecida a súa calidade cunha bandeira azul en toda Galicia, e a segunda zona de baño de augas interiores con este distintivo en toda España. Iso está aumentando a presenza de bañistas este verán, pero paga a pena polo seu atractivo innegable.

Comunicada coa capital do concello mediante un paseo dun quilómetro, destaca pola súa presa de pedra, que atranca o caudal do Verdugo e conforma unha zona para o baño de 250 metros de lonxitude. Todo nunha zona boscosa con castiñeiros, carballos, bidueiros e outras especies propias da ribeira.

Servizos e comodidades non lle faltan. Un dos principais, un aparcadoiro amplo. E tamén equipamentos como un merendeiro, canchas deportivas, un parque biosaudable e outro infantil, zonas de baño adaptadas para adultos e cativos e mesmo un espazo para que as mascotas poidan darse tamén un chapuzón.



Pradomao, o frescor do Miño

Emprazada en Parada de Sil (Ourense), a uns corenta quilómetros da capital provincial, a praia fluvial de Pradomao é unha opción para días de moita calor, xa que aos máis sensibles pode estarrecerlles bastante a temperatura do Miño na zona. Iso si, cómpre precisar que se trata dun encoro e que está orientada ao sur, así que cun pouco de valentía e constancia o chapuzón non será un problema.

Non obstante, quen non se atreva co baño pode pasar unha boa xornada na área recreativa contigua, con moita sombra e mesas para comer.



O máis interesante da praia, dotada con area, pode ser a propia paisaxe, con atractivas perspectivas da Ribeira Sacra e a súa característica orografía de ladeiras con viñedos. Para non aburrirse, pola propia praia pasa un sendeiro que leva pola calzada romana e chega ata a aldea da Hedrada, que lle dá nome ao encoro.

Os accesos en coche non son complicados, mais non convén despistarse. Vaise pola OU-0604 ata o lugar de Casa do Vento, onde se toma o desvío a Pradomao. O treito final, salvo un acondicionamento recente, é unha pista de terra, pero bastante transitible.



Piscinas feitas polo río na Pobra

Non é precisamente unha praia fluvial, pero dende logo é unha paraxe para situar nun posto destacado na axenda para ir canto antes. As piscinas naturais do **río Pedras**, na Pobra do Caramiñal (A Coruña), dan para unha boa excursión.

Foi o propio caudal, xunto co paso do tempo, o que creou unha serie de pozas no descenso do río desde a Curota. Non é perigoso, pero hai que meterse con precaución porque hai zonas demasiado esvaradizas. E debemos ter en conta que canto máis arriba vaíamos menos xente haberá. O prezo da exclusividade é o esforzo, dado que só se

pode acceder a pé. Compensa a paisaxe da serra do Barbanza.

E o que ninguén debe agardar é unha terma. Son augas máis ben frescas e hai que tantealas primeiro coa punta do pé.



Monterroso, un baño no Ulla



O que agora é a **área recreativa da Peneda**, en Monterroso (Lugo) foi no seu día unha presa para abastecer muíños coa

auga do Ulla. Cando perdeu tal uso, acondicionárona como zona de ocio, con piscina e instalacións deportivas. A parte tradicional consérvase, cunha envexable carballeira, e complementábase con piscinas modernas.

Entre as vantaxes deste espazo, están os seus accesos. Está situado a medio paso da vila. É mesmo unha boa alternativa para acudir desde a cidade de Lugo, a uns corenta quilómetros, para pasar a xornada ou pernoitar na zona de acampada.

Ademais de poder bañarse nas augas do Ulla, que por alí empeza a ser un río adulto, a área ten o interese de poder ver distintos elementos etnográficos relacionados cos muíños e co río. Un museo ao aire libre.

E para antes ou despois do baño, **sendeirismo**

Todo o día nunha piscina fluvial pode faltar e aburrir, por espectacular que sexa a paisaxe. O máis recomendable é programar a saída con algunha actividade adicional. É certo que para chegar a algunha das propostas que fixemos non queda outra que camiñar, pero mesmo para as que son accesibles en coche un bo engadido ao baño é unha xeira de sendeirismo.

Como todo ou case todo na vida, pódese optar por ir polas canles marcadas ou moverse por libre. É dicir, buscar algunha das múltiples rutas de sendeirismo homologadas e sinalizadas existentes por toda Galicia ou deseñar un percorrido ao gusto. Pero sempre planificado, sen improvisacións nin imprudencias das que lamentarse despois.

Os traxectos homologados, sempre que estean ben coidados, facilitan moito a tarefa porque están delimitados, son máis seguros e garanten a con-

templación de lugares e recursos de interese.

Probablemente a mellor **recompilación** destes itinerarios é a que elaborou **Turgalicia** en colaboración coa **Federación Galega de Montañismo**. Aínda que son espazos que cambian de xeito



constante e nunca estamos libres de sorpresas, as indicacións son moi fiables.

E para moverse sobre o terreo, existen aplicacións moi prácticas como **wikiloc** para os dispositivos móbiles. Serven para orientarse, e tamén para compartir a experiencia con outras persoas, opinar, criticar... Non hai excusa para non camiñar!

NON O PERDAS

PABLO ALBORÁN. A CORUÑA.
11 DE XULLO. COLISEUM.



LOS INFIERNO. VIGO.
15 DE XULLO. A IGUANA.

NON O PERDAS

SAN SADURNIÑO

3 de xullo
Siniestro Total
Colexio

A CORUÑA

3 de xullo
Néstor Pardo
Teatro Colón

4 de xullo
Hombres G
Coliseum

4 de xullo
Agónica, Arsian e Strikeback
Sporting Club Casino

8 de xullo
Ryley Walker
Mardi Gras

10 de xullo
Rueda Fortuna. Tributo a
Héroes del Silencio
Mardi Gras

11 de xullo
Pablo Alborán
Coliseum

14 de xullo
Sting
Coliseum

VIGO

10 de xullo
Youdog e The Grave Dolls
A Iguana

11 de xullo
Herdeiros da Crus
e Dakidarría
Campo de fútbol de San
Cosme

11 de xullo
Fei e La senda de Afra
A Iguana

15 de xullo
Los Infierno
A Iguana

28 de xullo
Melody Gardot
Auditorio Mar de Vigo

12 de setembro
Clan of Xymox e Minim
A Fábrica de Chocolate

PONTEVEDRA

11 de setembro
Pablo Alborán
Contorna do Pazo da Cultura

OURENSE

9 de xullo
Ryley Walker
Café Pop Torgal

18 de xullo
Santiago Campillo Band
Sala Berlín

22 de setembro
Vetiver
Café Pop Torgal

26 de setembro
Juan Wauters
Café Pop Torgal

BOIMORTO

Festival da Luz
12 e 13 de setembro



Burning, María del Mar Bonet, Manos de Topo, El Drogas Rhyhtm & Blues Band,

Delorean, Riff Raff, Emilio Rua
Andabao

13 de setembro
Juan Perro Son 7, Anni B Sweet, Miguel Poveda, Eladio y los Seres Queridos, Amancio Prada e Óscar Ibáñez
Andabao

BURELA

4 e 5 de setembro
Osa do Mar 2015



Praia da Marosa

FERROL

16 de xullo
Santiago Campillo Band
Super 8

O GROVE

18 de xullo
Festival Ribeiro Son de Viño
2015
Náutico de San Vicente

MALPICA

25 de xullo
Nordestazo Rock Festival



Los Suaves, Siniestro Total, Sés, Los Chavales, Bala, Silvia Superstar DJ
Porto

RIBADAVIA

5 de setembro
Festival Arteficial 2015



Ainara LeGardon, Puma Pumku, Betunizer, Jupiter

MARK KNOPFLER. SANTIAGO.
29 DE XULLO. FONTES DO SAR.



RYLEY WALKER. OURENSE.
9 DE XULLO. CAFÉ TORGAL.



Lion

VIVEIRO

16, 17 e 18 de xullo



Resurrection Fest
Recinto do festival

SANTIAGO

29 de xullo
Mark Knopfler
Multiusos Fontes do Sar

9 de outubro
The Quireboys
Sala Capitol

CANGAS DO MORRAZO

17 de xullo
Santiago Campillo Band
Salason



CARBALLO
11 de xullo
Festival Sereas e Piratas

Los Punsetes, Jupiter Lion,
Puma Pumku, Chicharrón,
Alex Casanova
Praia de Razo

REDONDELA
23 de xullo
Festival SinSal



FESTIVAL
SINSAL 13
SON ESTRELLA GALICIA

Centro de interpretación de
Rande

MELIDE
3 de xullo
Rueda Fortuna. Tributo a
Héroes del Silencio
Pub Gatos

LUGO
28 de agosto
Cabaret '¿Hacemos un trío'
Auditorio Municipal Gustavo
Freire

NIGRÁN
16, 17 e 18 de xullo
Festival Portamérica Rías
Baixas



Porto do Molle
BETANZOS
24 de xullo
Rueda Fortuna. Tributo a
Héroes del Silencio
Café Lanzos

FOZ
10 de xullo
Festival VRAO

Cazador, Mounqup, Porrofo-
lar, Músculo e Pálda

11 de xullo
Best Boy, The L'adelines
Garden, The Limboos, Bala,
Cuchillo de Fuego e Thee
Blind Crows

1 de agosto
Ángel Apátrida, Azrael,
Exodia, Barbarian Prophe-
cies, Drakum
Dársena do porto

14 de agosto
Festival Tentacle Summer
Recinto do festival

MUROS
7 de agosto
Soziedad Alkoholika, El Dro-
gas, Herdeiros da Crus,
Boikot, Arrhitmya, Skandalo
GZ, Biribirlocke
Praia do Castelo

FISTERRA
14 de agosto
Rueda Fortuna. Tributo a
Héroes del Silencio
Boulevard Lounge



Xuventude Novas - Nº 62 - Xuño 2015
© Xunta de Galicia. 2015. Xuventude Novas



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.
CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons.
Para ver unha copia de licenza, faga clic [aquí](#).

REDACCIÓN E MAQUETACIÓN: Nós Comunicación
infoxove@noscomunicacion.com

EDITA: Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Lázaro, s/n - 15781 - Santiago

Para ver esta publicación, faga clic [aquí](#).

CONTACTA CON XUVENTUDE.NOVAS
infoxove@xunta.es

Dirección Xeral de Xuventude
e Voluntariado
San Lázaro s/n - 15781
Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA